

GALIZA


EN

MAR

CH

A!

bng
BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO



SANI

DADE

PÚ

BLIC

A!

O PP ESTÁ EMPUXANDO Á SANIDADE PÚBLICA CARA AO PRECIPICIO

Na última década, coa escusa da crise, o PP con Feixoo á cabeza, aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións lexislativas e organizativas que danaron gravemente a Sanidade Pública de Galiza. Todas as medidas que tomaron tiveron como fin a privatización e o desmantelamento da sanidade pública galega, a base de recortes continuos e de pór os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas.

Redución de orzamentos, de centos de profesionais, de camas hospitalarias, privatización e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, listas de espera disparadas, colapsos de urxencias, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes, as consecuencias son tremendas: Masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución, as listas de espera de máis dunha semana para médicx de familia, peche de axendas, saturacións, ausencia de pediatras, PACs ao límite...

Os hospitais comarcais desmantelados progresivamente, eliminando servizos e especialidades, até ir converténdoos en ambulatorios que non poden dar resposta ás necesidades da poboación. O peche da sala de partos e das urxencias de pediatría do Hospital de Verín é un claro exemplo.

Estamos fartas das mentiras do PP, a realidade é que están desmantelando a sanidade pública galega. Temos peor sanidade, peores prestacións, menos profesionais, máis listas de espera, máis copagos...



**NON LLE PERMITAMOS AO PP QUE
DESTRÚA UN BEN TAN PREZADO
COMO É A NOSA SANIDADE PÚBLICA.
DEFENDÁMOLA**

É PRECISO

AUMENTO DO ORZAMENTO DESTINADO A SANIDADE

DIMENSIONAMENTO E ESTABILIDADE DOS CADROS DE PERSOAL

Son precisos profesionais suficientes para que teñan tempo para xs doentes, Rematar coa precarieza laboral. Convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías / contratos estableis e dignos /substitucións dxs profesionais pola totalidade da ausencia / aumento das prazas de formación de especialistas, MIR...

ELIMINACIÓN LISTAS DE ESPERA E COLAPSOS URXENCIAS

Contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos... e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñibeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.

PLAN DE MELLORA DE ATENCIÓN PRIMARIA

Incremento do investimento até chegar ao 25% do orzamento / Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutiva e orzamentaria / Incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria / Crear equipos multidisciplinares aumentando aos profesionais existentes: psicólogos, logopetas, terapeutas ocupacionais... Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs / Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.

PLAN DE ATENCIÓN Á SAÚDE MENTAL

PLAN DE ATENCIÓN Á SAÚDE DAS MULLERES

MELLORA DOS HOSPITAIS COMARCAIS

Garantir a existencia de todas as especialidades e prestacións existentes e aumento das precisas para unha correcta atención á ciudadanía.

REVERTER AS PRIVATIZACIÓNSEN XESTIÓN PROPIA DOS SERVIZOS SANITARIOS

ELIMINACIÓN DOS COPAGOS FARMACÉUTICOS